

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019670	IES do Castro	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES do Castro, situado no casco urbano de Vigo, e que é un centro público de ensino secundario sostido con fondos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria onde se imparten ensinanzas de ESO e Bacharelato. O instituto conta tamén coa modalidade do Bacharaleto Internacional. O centro adscrito do que procede o alumnado de 1º de ESO é o CEIP Fleming.

As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, por exemplo, a aula de informática na que se utilizarán ferramentas dixitais e o uso de encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

Neste ano escolar, o centro conta con 114 alumnas/os en 1º ESO (A:28 ;B: 28; C: 29; D:29), distribuídos en catro grupos.

Os grupos seleccionados de 1º ESO con proxecto competencial son tres: un deles está composto por 30 alumnos e alumnas (o alumnado é de dous grupos diferentes de primeiro, de A 19 e 11 de B), outro grupo está formado por 19 alumnos e alumnas (de 1º C) e o terceiro está formado por 23 (de 1ºD), todo o alumnado con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos.

No grupo AB hai dous alumnos con dificultades de aprendizaxe DEA, dous repetidores e un alumno con reforzo en audición e linguaxe en primaria.

No grupo D hai dous alumnos con transtorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como sería naqueles días?	Determinarase o tema no que o o grupo vai pescudar información viaxando ao pasado...	20	10	X		
2	Inmersión nos días pasados	Cada grupo fará un traballo de investigación para saber como era o tema escollido no día a día da súa contorna	35	10		X	
3	Presentando o pasado	Elaboración do produto final e presentación do mesmo.	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como sería naqueles días?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Inmersión nos días pasados	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentando o pasado	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Regreso ao futuro".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar. Algúns dos posibles temas son:

- O ocio daquela
- Aquelas festas populares
- A música da nosa xuventude
- As primeiras películas
- Aquelas cartas
- As primeiras chamadas telefónicas, ...

O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, establecerán os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais:

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre
- Consultas nos concellos
- Entrevistas ás familias
- Entrevistas á veciñanza das vilas

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán a información recompilada, establecendo comparativas entre aqueles días e o presente.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle difusión no centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, proxección nas pantallas das aulas,

Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estadísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de informática: dotación da aula (ordenadores, proxector, encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Caderno da/o alumna/o
Software específico e aplicacións web (uso de writer, por exemplo)
Aula virtual do centro e, de ser o caso, plataformas de videoconferencia.
Biblioteca do centro

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula de informática convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais cun ordenador por alumno, o que non impide ter unha distribución para o traballo grupal.

Nos ordenadores instalárase o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación dun dossier co plan de traballo. Escolla do tema e xustificación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do informe de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño calcularase atendendo ao peso das tres unidades da materia. Polo tanto,

$$\text{Nota Final} = 0.20 * (\text{Nota 1ª avaliación}) + 0.35 * (\text{Nota 2ª avaliación}) + 0.45 * (\text{Nota 3ª avaliación})$$

Se a media anterior é menor que 5 sobre 10, a alumna ou o alumno, deberá presentarse a un exame final (descrito nos criterios de recuperación). A nota deste exame considérase que é a cualificación final de curso. Considerarase que a materia está aprobada cando a antedita nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10 (*).

(*). OBSERVACIÓN:

Tal e como indica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no Título II. Artigo 31 Actas de avaliación:

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Para calcular este número natural usarase o truncamento ás unidades nas avaliacións parciais e usarase o redondeo na nota final.

CASOS PARTICULARES DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ao centro ou por unha ausencia prolongada), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, aplicarase o procedemento de avaliación extraordinario* determinado nesta programación didáctica para estes casos; co fin de que a alumna ou alumno poida demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor ou titora coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

*O procedemento de avaliación extraordinario, segundo a data de incorporación, consiste en:

Se a incorporación se produce xa comezada a primeira avaliación, a alumna ou alumno incorporárase a un dos grupos de traballo xa formado e será avaliada/o dos contidos traballados a partir da data de incorporación. A profesora da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes a dita avaliación, procurando sempre facilitar a reincorporación da/o alumna/o ao ritmo normal da clase. Noutras palabras, a profesora decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación da/o alumna/o. Así, pódese avaliar a/o alumna/o cunha proba escrita, cun procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou coma ao resto de alumnado.

Pola contra, se a incorporación ocorre xa comezada a segunda ou terceira avaliación, a nota da avaliación en curso farase tendo en conta o traballo feito a partir da súa data de incorporación (co mesmo procedemento que se se incorporara na primeira avaliación). E, para o cálculo da nota final de curso teranse en conta as notas que constan no seu expediente, das avaliacións anteriores, máis as notas das avaliación feitas xa no centro.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo as tarefas serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital.	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade.	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores: a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito e a prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.6 - A igualdade de xénero, a igualdade entre mulleres e homes. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X
ET.7 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual e a formación estética.	X	X	X
ET.8 - A concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X

Observacións:

Nesta materia, ao traballarse fundamentalmente en grupo, o deseño de actividades realizarase de forma que se potencien os temas transversais en todos os grupos de traballo. Así, A comprensión de lectura, expresión oral e escrita traballarase na procura, organización e exposición do estudo feito polos grupos.

A comunicación audiovisual e competencia dixital promoverase diariamente xa que as ferramentas informáticas son o elemento diario de traballo.

O emprendemento social e empresarial, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable farase desenvolvendo o espírito crítico na procura da información, na redacción do estudo e na presentación dos resultados nos que lle fagan reflexionar sobre o cambio climático.

A educación emocional e en valores virá aparelada co traballo cooperativo dos grupos e coa responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a valoración dos distintos puntos de vista, o respecto mutuo e a aceptación de decisións colectivas nas situacións onde proceda. Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, así como os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

A igualdade de xénero introducirase formando os grupo de traballo sen distincións por razóns de sexo, potenciando un clima, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias, independentemente do seu sexo, raza, condición sexual, crenza relixiosa. Empregarase diariamente unha linguaxe non sexista, non violenta e non discriminatoria.

Fomentaranse de maneira transversal a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual e a formación estética. Farase, por exemplo, explicándolle as mellores posturas corporais no traballo diario diante dun ordenador para o coidado da saúde e prevención de enfermidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevista nun medio de comunicación	Difusión informativa do proxecto.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición en taboleiros	Exposición e explicación do proxecto ao resto do alumnado			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Supervisión con asiduidade das actividades/traballos realizados por cada un dos grupos tanto durante a clase coma fóra dela.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Facilitación ao alumnado de técnicas de mellora na resolución das súas tarefas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado tanto nas clases coma fóra do centro
Facilitación a cada alumna/o da axuda individualizada que precisa
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación en función das unidades didácticas, que permitan facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados